

Verbo da emoción, nunha lingua única

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [2003]). “Verbo da emoción, nunha lingua única”.
Grial: 159, 97-99. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1357>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2003). “Verbo da emoción, nunha lingua única”. *Grial*: 159, 97-99.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

da, e á patria. Sirvan como exemplo “A Castelao” (1953), “A escada de Daniel” (1984), o mencionado “Non é Galiza, non” (1991) ou “;Esa orfandade! ;Esta bandeira asolagada en sangue!” (1986), escrito “na memoria de Alexandre Bóveda no cincuentenario do seu martirio” e recollido en *Obra viva*.

Máis sorprendente resulta a lectura da sección “Obra poética inédita”, que reúne un conxunto de textos producidos, segundo os datos cronolóxicos que se ofrecen, fundamentalmente ao longo da década dos oitenta. Chaman a atención, ademais, dous textos anteriores: “Lux aeterna”, datado en Cali en 1966, que anticipa a poesía telúrica de *Cantos caucanos* e o “Preceito do sacramento da saudade”, de 1968.

Nunha boa parte dos textos referidos resulta doado identificar as principais constantes temáticas de Avilés: a terra (“Cavar”), o mar (“O vello Pontella”; “A buquiña anuncia os pábulos da illa”) e o amor (“Hai cinco días que non vés”, “Hei de abanear no teu corazón” ou “O meu amor coida as roseiras”). A esta época corresponde tamén un número importante de sonetos, algún deles de corte claramente culturalista (“Loreto”, “Xoaquina”). Dentro do conxunto atopamos aínda pezas singulares, como “Alfonso Abelenda pilotando o grande navío da cidade nas noites da nosa mocidade”, que evoca os espazos e protagonistas da bohemia coruñesa dos anos cincuenta. A temática social está tamén presente nestes textos inéditos, nos que se poden rastrexar algúns motivos recorrentes na obra do escritor, como a denuncia social (“Doime o noso país pedindo esmola”), a figura de Castelao (“O regreso”), o pobo (“Límites”, “Pan de millo”, “Aixada”), e mesmo algún poema de chamamento á construción da patria que lembran o memorable “Fusquenlla” que pechaba a *Última fuxida a Harar*:

Canteiros, albaneis, homes do gran triángulo meioeval,

constructores do ollo de Deus, do albor da pedra milenaria, do sinal, do misterio, da cooperativa, da irmandade, eu vos convoco a construír cantando alicerces nos puntos cardinais.

Dentro desta liña, resulta igualmente sorprendente o poema “A balada de Ronald Reagan”, datado en 1985, próximo a composicións como “Hai que matar a Supermán”, incluído en *O tempo no espello*. Uns e outros evidencian a importancia da voz social na poesía de Avilés.

En xeral, a escolma de textos inéditos dista moito de ser unha simple colectánea de esbozos e textos excluídos con valor meramente documental. Ben ao contrario, atopamos nela pezas de calidade notable. Fóra disto, o material ilustra acerca da riqueza temática e expresiva do autor, así como da intensa actividade literaria que levou a cabo ao longo da década dos oitenta.

A *Obra poética completa* péchase coa sección “Traducións”, na que se recollen os dous poemarios versionados polo escritor, *Crónica*, de Saint-John Perse, de difícil acceso hoxe en día, e *Cemiterio mariño*, de Paul Valéry.

A reunión dunha obra dispersa e a incorporación de textos pouco accesibles e mesmo descoñecidos confire, xa que logo, un valor engadido ao volume e achéganos a unha voz de rexistros varios que, tanto nos seus poemarios como nos textos inéditos ou circunstanciais, quixo amosarse inserido nunha tradición e nun pobo e, sabedor disto, escribir coa súa pluma *amor, Terra, Nausikaa e Patria*:

E con eles

a cada un de vós, os que levades o facho aceso da victoria.

Escoito ese clamor e o marmurío que vén de antigo onde resoan cítaras: de Meendiño a Pondal, de Celso a Fernán Vello.

(E hai un poeta galáctico que me olla desde o cuarto milenio a tanxer harpas coa mesma voz na rota das estrelas).

É dese canto

que me nace esta rosa na garganta.

E a miña espada afiada. ■

María Xesús Nogueira Pereira


Verbo da emoción, nunha lingua única

VINTE CADERNOS (POEMAS 1969-2002)

DARÍO XOHÁN CABANA

Xerais | 2003 | 540 páxinas

Creo na poesía sentimental”, dicía o poeta Darío Xohán Cabana (Roás, 1952) nunha recente entrevista publicada no semanario *A Nosa Terra* con motivo da aparición deste volume, no que se compila toda a súa obra poética desde os seus albores en 1969 ata o pasado ano. Se houbera que resumir esta persoal traxectoria de 33 anos de creación lírica abundaría con unir a ese tórculo de poesía sentimental, de poesía das emocións, a tinta dunha lingua única para estamparmos unha opinión



certeira e precisa. De feito, o libro xunta, en disposición cronolóxica, todos os versos escritos por Cabana ata a idade do medio século, que o propio autor considerou como unha cifra simbólica para render contas do seu oficio poético. En rigor non se trata dunha *opera omnia*, dunha banda porque o autor confesaba na citada entrevista: “Nin comezo unha nova etapa nin pensei en deixar de escribir”, doutra porque a recollei-

ta foi realizada polas súas propias mans, que interveñen á hora de decidir sobre o feito de non se incluíren determinados poemas. Sobre o primeiro particular non hai dúbida, pois o libro colectivo *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* recolle dous novos sonetos do poeta chairego. E para o segundo aparece unha Nota Bibliográfica no cabo do volume, onde se nos sinala que o proceso de revisión e ordenación segue a orde cronolóxica da data de escrita e non a data da súa publicación e onde hai unha parca explicación sobre a decisión de suprimir algún poema editado ou de esquecer deliberadamente moitos poemas ocasionais. De facermos caso a Paul Éluard, toda poesía é de circunstancias, podería poñerse en cuestión a decisión do poeta, mais esa foi a súa vontade soberana, que o leva a recoñecerse nos versos recollidos e non noutros. Será pois unha parcela na que deberán labrar os futuros estudos sobre a obra de Cabana, que os habrá e moitos. A obra tan só recolle algúns deses poemas de ocasión, que son certamente obra menor. Neles aparece o poeta máis militante, velaí textos de 1981 como “Luís Soto en Vilanova dos Infantes” ou “Partido” (onde reflicte a súa participación no comunista e independentista Partido Galego do Proletariado), ou os que condenan as agresións norteamericanas contra os pobos de Grenada ou do Iraq —este último, intitulado “Harún Al-Raxid”, foi escrito cando a guerra do Golfo Pérsico mais os seus versos ofrecen hoxe unha lectura completamente anovada e viva—. Canda eles, textos dedicados a vellos amigos como os poetas Cesáreo Sánchez Iglesias, Méndez Ferrín, Manuel María, a Oración por Fiz Vergara Vilariño e o poema final do volume, intitulado “A un señor de mediana idade” e escrito para o acto no que as Redes Escarlata homenaxearon en Ourense a Roberto Vidal Bolaño, así como un soneto no que dialoga co coñecido poema “Penélope” de Díaz Castro ou un outro soneto a

Joachim du Bellay, coa particularidade de estar escrito en francés, mais tamén está a xente de seu como a súa compañeira Amelia e seus fillos.

O corpo da produción poética está reestruturado consonte co criterio sinalado, mais antes de falarmos dela é de lei chamar a atención sobre as seis páxinas do Limiar de Moncha Fuentes Arias que son de obrigada lectura e onde atoparemos mesmo unha excelente proposta de clasificación para a poesía do chairego. Con ela coincidimos á hora de situar os tres primeiros libros como obra iniciática. En efecto, *Verbas a un irmao* (1970), *Home e terra* (1970) e *Romanceiro da terra cha* (1973), que é o único que non está íntegro con respecto á edición orixinal, todos tres deben ser ollados á luz do epigonal socialrealismo da época. Non é casual que o primeiro vaia introducido por un poema de Manuel María, quen tamén asina o prólogo do terceiro, e que Lois Diéguez escriba o prefacio do segundo, pois ambos comparten a ideoloxía nacionalista e a componente luguesa que os fai da súa tribo. Neles percíbense dúas direccións temáticas fundamentais, o compromiso cívico e a saudosa evocación da estirpe e da terra nativa, con notorias e confesas influencias de Antonio Machado e do nomeado Manuel María. É evidente que nesta altura Cabana aínda está á procura dunha voz propia, así e todo os versos resisten ben a lectura malia a opinión persoal do autor que sempre considerou un erro o feito de ter publicado de maneira temperá. E, desde logo, no seu tempo foron percibidos con fortuna, de aí a súa inclusión na antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973) de María Victoria Moreno.

A seguir viría unha etapa que a prologuista denomina como “Afirmación”. Nesta época, aínda nos setenta, Cabana vai cultivar a súa poesía máis política con títulos como o opúsculo *Mortos porque Galicia viva* (1974) publicado por

Roi Xordo en Xenebra co pseudónimo Daniel Méndez —homenaxe explícita a Castelao e Ferrín—, *Elxía nunha escuridade mortal* (1974) ou *Os campos da fame*, escrito nestes anos e publicado máis tarde, que acada o seu cénit nos nove poemas de *Ferrol 72: Daniel e Amador*. Ora ben, nesta obra condicionada por unha intensa actividade política xa hai un maior dominio do oficio literario, alén da facilidade e da destreza métrica e versificatoria, que vai derivar con posterioridade na conformación dunha voz senlleira, coa inflexión que supón a aparición dun poemario amoroso, dedicado a Amelia, *Ábrelle a porta ao día* (1981).

Na etapa de madurez, que coincide coa década dos oitenta, publica cinco títulos, *A fraga amurallada* (1983), *Cantigas de amor vilao* (1987), *VIII fragmentos* (1987), editado con prólogo de Henrique Monteagudo, *Amor e tempo liso (Cancioneiro)* (1989) e *Patria do mar* (1989), que se abre cun soneto que lle dedicou Ferrín, todos eles galardoados con algún dos prestixiosos premios da época. Neles, sen abandonar por completo a palabra comprometida, crea un universo propio e realiza unha arriscada aposta persoal polo formalismo e a contención clasicista, escribindo dúcias de sonetos e cancións, influenciadas polo *dolce stil nuovo* dos poetas italianos, nomeadamente por Dante e Petrarca, autores que nesa época principiaba a traducir de xeito maxistral, mais tamén pola poesía de Ausias March, Ronsard, Shakespeare, os cancioneros medievais galego-portugueses ou a lírica galega contemporánea. De feito é evidente a pegada de Méndez Ferrín, sobre todo en *Amor e tempo liso*, título orixinal e logo desbotado dese libro fundamental que se chamou *Con pólvora e magnolias*. Outros ecos importantes son os da mitoloxía clásica e do ciclo artúrico, que tamén será relevante na súa narrativa. Ademais deste inxente xogo intertextual coa literatura, para nós tamén son de moito interese as

alusións á pintura, que inzan o apartado “Algúns figuradores” de *Patria do mar*.

Na década dos noventa, conforme medra a súa creación narrativa, minguo o seu alento poético. A súa última entrega, polo de agora, foi *Canta de cerca a morte* (1994), premio Martín Codax, con prólogo de Méndez Ferrín. Trátase dun libro de sonetos en tres partes, cunha eloxia ao pai morto na primeira, un laio pola morte da moza Nahír na segunda e o conforto da vivencia do amor fronte á fugacidade da vida na última.

Vinte cadernos (Poemas 1969-2002) preséntasenos, pois, como unha oportunidade única de atesourar os versos dun autor imprescindible, dun poeta que principiou petando noutras portas máis que hoxe xa conta cunha estancia propia, e nada pequena, no edificio da poesía galega moderna ■ **Miro Villar**

Cotián e transcendente

DÁRSENAS DO OCASO


XAVIER SEOANE

Pen Clube de Galicia/Caixa Nova | 2002 |

162 páxinas

Xavier Seoane (A Coruña, 1954), Catedrático de Lingua e Literatura, animador cultural de múltiples batallas, ensaísta (crítico e estudioso da plástica galega actual) e autor (entre outros) de dous libros ben singulares e que os lectores non debemos esquecer: *Atravesar o espello* (2000), un convite á lectura e *O sol de Homero. Unha defensa da poesía* (2002).

Pero a outra faceta, e a que hoxe nós queremos traer a este espazo é a de Xavier Seoane poeta. Autor dunha ampla obra que vai desde a *Caluga do paxaro* (1979) ata *Dársenas do ocaso*, poemario co que gañou o I Premio de Poesía Caixa Nova, pratocinado por esta institución e auspiciado polo Pen Clube de Galicia.



No ano de 1999 recollía X. Seoane a súa obra poética baixo o título de *Don do horizonte* (1999). Coidamos que este libro, *Dársenas do ocaso*, é o comezo dunha nova andadura na súa traxectoria poética: a do autor maduro que se sabe dono dos rexistros interpretativos e que dispón dunha ampla experiencia vital e sabedoría libresca.

No poema “Gaivota na tarde”: “Esa gaivota soa esvoazando no ocaso/ non sabe que tamén eu ando a procurar/ algo da luz alén das nubes brancas.// Cando desaparece/ máis aló de onde non pode alcanzala/ comprendo a realidade e o destino/ do que interroga a vida e indaga nas palabras” (p. 13) están as claves interpretativas — poética de Xavier Seoane— xa que xoga con dous planos: a realidade, o coloquialismo, o cotián; e o outro plano, espiritual, transcendente, máis alá da realidade inmediata que nos presenta nesa primeira descrición case plana. Mais isto é só un intelixente truco para atrapar o lector e levalo logo cara a un ámbito de máis calado e pretensións. Ademais, na parte final do texto mencionado: “Cando desaparece/ máis aló de onde os ollos non poden alcanzala/ comprendo a realidade e o destino/ do que interroga a vida e indaga nas

palabras”. Interrogar a vida e indagar nas palabras. Velaí a pretensión e obxectivo de Xavier Seoane neste libro. Trátase dun poemario de madurez, de vasta imaxinaria plástica e plurais rexistros. Nos seus versos achamos unha dupla percepción reflexiva: cara a fóra e cara a dentro. O poeta non pretende afondar, indagar, na propia identidade afastándose do contexto máis inmediato, mais o que procura é acceder a un coñecemento persoal botando man das paisaxes exteriores, a realidade externa que apprehende de forma absolutamente impresionista, pero sobre a que proxecta unha mirada de gran calado, unha mirada filosófica.

Dársenas do ocaso é un libro complexo na súa composición, xa que logo, difícil de resumir os seus contidos. Na súa estrutura externa ou deseño editorial está composto de tres libros ou seccións e, cada unha destas, compostas de subsección en número de sete a primeira sección, cinco a segunda e seis a terceira; amais dun poema globalizador de contidos, ao comezo, “Envío” e un “Epílogo. Pano” final, que, moi marcado polo pensamento oriental, amosa todo o entramado poético que se move entre a realidade e a ficción: “Abres os ollos.../ Todo é mentira, agás o soño.// ... Cérralos./ E só hai horizonte” (p. 153).

O que si é verdadeiro é a verosimilitude que crea mercé á ficción das palabras que seguen e seguirán a falar do eu poemático, aínda que este nunca poida volver sobre os pasos da vivencia real.

Diciamos que tres seccións ou libros configuran a súa estrutura: no primeiro, o que dá título ao libro, “Dársenas do ocaso”, asistimos á captación (recreación) de luces e celaxes, a actividade do porto (en distintos momentos, estacións, días e horas), as paisaxes e luz cambiante da baía, os barcos que entran e saen (a vida), as lendas e os naufraxios...; mentres que no segundo, “Do sosego e do lar”, preséntanos uns poemas máis de interiores, poemas da vivencia recollida, ecos, voces da